



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

10 NOV. 2024 22:56:09

Entrada **48138**

Pregunta sobre o enlace de Meicende

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de construír a circunvalación ou enlace en Meicende para evitar o paso de vehículos pesados polo núcleo de poboación.**

A veciñanza de Meicende no Concello de Arteixo, leva anos demandando a construción dunha circunvalación para evitar o paso de vehículos pesados e de mercadorías perigosas pola zona.

A construción da estrada cara o Porto Exterior de Punta Langosteira abriu a posibilidade de facer unha alternativa moi beneficiosa para a veciñanza da parroquia da Pastoriza posto que permitiría unha conexión tanto en dirección a Coruña como a Arteixo. Ademais, o enlace directo beneficiaría ás empresas e industrias que se asentan nesa zona.

Trataríase de facer un enlace á altura da denominada Avenida do Butano en Meicende co lugar en que a nova autovía cruza a estrada AC-415. A AC-415 atravesa o núcleo de Meicende e Pastoriza. Fariáanse dous accesos á autovía, un de entrada e outro de saída. Non é unha actuación complicada xa que estamos a falar dunha vía de só 1,2 quilómetros de lonxitude.

O BNG ten presentado diversas iniciativas parlamentares recollendo esta proposta así como emendas aos Orzamentos do Estado para incluír partidas que permitan levar a cabo esta obra que liberaría de tráfico pesado a Meicende e melloraría a seguranza viaria así como a calidade de vida.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

10 NOV. 2024 22:56:09

Entrada **48138**



Cabe lembrar que ano 2015 os Orzamentos estatais contemplaban unha partida de 3 millóns para esta actuación, mais nunca se executou.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. Que disposición ten o Goberno a impulsar a vía de enlace en Meicende no lugar en que a autovía que vai ao Porto Exterior de Punta Langosteira cruza a estrada AC-415?
2. Por que se abandonou este proxecto que a veciñanza de Meicende leva anos reclamando para liberar o núcleo de poboación do paso de tráfico pesado?
3. Retomará o Goberno esta actuación que melloraría a seguranza viaria e a calidade de vida dos veciños e das veciñas, ademais da ter unha grande utilidade para o tecido empresarial?
4. É consciente do elevado tránsito de vehículos pesados por este núcleo poboacional por situarse nunha área de importante peso industrial?
5. Incluirá unha consignación económica para abordar a construción desta vía de enlace nos vindeiros Orzamentos do Estado?

Madrid, a 10 de novembro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la necesidad de construir la circunvalación o enlace en Meicende para evitar el paso de vehículos pesados por el núcleo de población.**

El vecindario de Meicende en el Concello de Arteixo, lleva años demandando la construcción de una circunvalación para evitar el paso de vehículos pesados y de mercancías peligrosas por la zona.

La construcción de la carretera hacia el Puerto Exterior de Punta Langosteira abrió la posibilidad de hacer una alternativa muy beneficiosa para el vecindario de la parroquia de Pastoriza puesto que permitiría una conexión tanto en dirección a Coruña como hacia Arteixo. Además, el enlace directo beneficiaría a las empresas e industrias que se asientan en esa zona.

Se trataría de hacer un enlace a la altura de la denominada Avenida del Butano en Meicende con el lugar en que la nueva autovía cruza la carretera AC-415. La AC-415 atraviesa el núcleo de Meicende y Pastoriza. Se harían dos accesos a la autovía, uno de entrada y otro de salida. No es una actuación complicada ya que estamos hablando de una vía de solo 1,2 kilómetros de longitud.

El BNG ha presentado diversas iniciativas parlamentares recogiendo esta propuesta así como enmiendas a los Presupuestos del Estado para incluir partidas que permitan llevar a cabo esta obra que liberaría de tráfico pesado a Meicende y mejoraría la seguridad viaria así como la calidad de vida.



Cabe recordar que año 2015 los Presupuestos estatales contemplaban una partida de 3 millones para esta actuación, pero nunca se ejecutó.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas escritas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué disposición tiene el Gobierno a impulsar la vía de enlace en Meicende en el lugar en que la autovía que va al Porto Exterior de Punta Langosteira cruza la carretera AC-415?
2. ¿Por qué se abandonó este proyecto que el vecindario de Meicende lleva años reclamando para liberar el núcleo de población del paso de tráfico pesado?
3. ¿Retomará el Gobierno esta actuación que mejoraría la seguridad viaria y la calidad de vida de los vecinos y de las vecinas, además de la tener una gran utilidad para el tejido empresarial?
4. ¿Es consciente del elevado tránsito de vehículos pesados por este núcleo poblacional por situarse en un área de importante peso industrial?
5. ¿Incluirá una consignación económica para abordar la construcción de esta vía de enlace en los próximos Presupuestos del Estado?

Madrid, a 10 de noviembre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso